

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

DATA 18/12/2019

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

VOGAIS

ALBA BRIONES GAMARRA
JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
ANA GRANJA GUILLÁN

TÉCNICO

XOAN XOSÉ RODRÍGUEZ CUIÑA
EMILIO PUMAR DURÁN

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 do día 18/12/2019 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04-dic-2019, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Informar favorablemente a licenza de primeira ocupacion solicitada por D. Ricardo Otero Noya en representación de PROVAO SL, do edificio de vivendas sito na Pza. Rafael Pazos nº 3 (Ref. Cat. 7652096NH1175S0001XG), de conformidade co certificado final de obra de data 24/10/2019 con visado colexial 08/11/2019.

Asemade informar favorablemente as acometidas ás redes municipais de auga e saneamento do devandito inmoble, baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco sobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de Ø 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro. (Expte. URB/2019/000900)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por D.Victor Manuel Barreiro Martínez, para obras varias en local na Av. López Ballesteros nº 22 Bx., toda vez que supón un cambio de uso no local, debendo iniciar tramitación por licenza, adxuntando proxecto de acondicionamento de local para a actividade que se pretende, xustificando toda a normativa que lle sexa de aplicación. (Expte. URB/2018/000435)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Sara Canda Meis, para instalación de rótulo aplacado e de banderola en planta 1^a na Rua Romero Ortiz nº 22-1º Dta. (Ref. CAT. 9362905NH96S0004UB).

Comunicaselle que se se pretende o inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia. (Expte. URB/2019/000847)

Informar favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por D. Ricardo Gil Wolf en representación de STRADIVARIUS ESPAÑA SA., para renovación de acabados de local comercial na Rúa Alcalde Rei Daviña nº 8 (Ref. Cat. 9463025NH1196S0001XJ), tendo en conta, que o inmoble ten un nivel de protección elemental (159-PHA), as obras solicitadas están suxeitas a licenza municipal e deberán obter o preceptivo informe favorable de Patrimonio. (Expte. URB/2019/000872)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Estefanía Fernández Otero, para construcción de cerre na Rúa Maceiras nº 25 - Sobrán (Ref. Cat. 7122706NH1172S0001HP), debendo respectar as servidumes que existan.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano (Expte. URB/2019/000787)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Javier Paulos del Rio, para obras varias (arranxo de beirarrúa interior, selado de pozo negro e movementos de terra en parcela) en vivenda unifamiliar na Rúa Estrada a Castrogudín nº 30 - Cea (Ref. Cat. 1961810NH2116S0001XB).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete únicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumplirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móviles cumplirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móviles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000877)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Millán Lafuente para reparación de fachada e baixante da primeira planta en edificio de vivendas sito na Rúa Alexandre Bóveda 18 (Ref. Cat. 9160915NH1196S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D.

1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumplirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móviles** cumplirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móviles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000889)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Jesús Barreiro Doval, para cambio de portal e apertura de oco na Avda. As Carolinas nº 64 Baixo 1 (Ref. Cat. 0360004NH2106S0001HH).

As obras de canaleta en beirarrúa serán obxecto de novo expediente tramitado por licenza, posto que se realizan sobre vía pública.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000917)

Informar favorablemente a comunciación previa e documentación adxunta presentada por D. César Paz López en representación de CONSTRUSER CESAR PAZ SL, para obras varias en vivenda unifamiliar (renovación de cociña, baño, solados, puntura interior e exterior e limpeza de cuberta) na Rúa Vázquez Leis nº 24 - Vilaxoán (Ref. Cat. 7451026NH1175S0001YG)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumplirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móviles cumplirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo

(modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móviles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000919)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ana Vanesa Cea Framil, para instalación de rótulo aplacado e de banderola na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 22-Baixo 1 (Ref. Cat. 9463032NH1196S0103JX)

Se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. (Expte. URB/2019/000920)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Diego Bóveda Losada para reforma de baño en vivenda sita na Rúa Emilia Pardo Bazán nº 9-6º E (Ref. cat. 8753601NH1185S0033KK).

As instalacións a substituir ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000921)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Aída Carolina Méndez Garrido en representación de INICIATIVA SMILE SLU, para obras varias en edificio (portal) na Rúa Baldosa nº 14 (Ref. cAt. 9261410NH1196S).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000926)

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Ramón Fernández Branes en representación de SEPTENTRIONAL GALLECIA SL, para obras de acondicionamento de local en dúas zonas sen uso definido na Avda. Xoaán Carlos I nº 33 Bx., toda vez que as obras xa se realizaron, deberá tramitar licenza de legalización das devanditas obras.

Comunicaselle que calquera documento presentado ante a Administración deberá vir asinado electrónicamente, considerándose válidos a efectos de firma os sistemas previstos no art. 10.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Adminisitrativo Común das Administracións Públicas.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos do expediente aberto D-28/19 de Resposición de Legalidade por inicio de obras sen o título habilitante municipal.

Informar favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por D. Mariano Vázquez Iglesias en representación de D. Juan Carlos García Blanco, para obras de acondicionamento de local para bar cafetería na Rúa Castor Sánchez nº 22 Bx., debendo tramitar as devanditas obras por licenza, polos motivos que se indican:

- Non consta licenza anterior para o uso preexistente.
- Consta a execución de obras interiores en plantas superiores que non se inclúen neste expediente.
- Semella que existe afección á estrutura do inmoble.

Comunicaselle que existe expediente aberto D44/19 por inicio de obras sen título habilitante. Consta Resolución de Alcaldía de data 28/10/2019 na que se ordena a paralización das obras sen licenza.

Dése conta á Policía Local e ó Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos. (Expte. URB/2019/000372)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Antonia García Lede, para reparación e muro entre colindantes na Rúa da Costa de Abelle nº 11 - Rubiáns (Ref. Cat. 1747313nh2114n0001tq), debendo respectarse as servidumes que existan. Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019000906)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Cao García en representación de COM. PROP. SANTA LUCIA 4, para reparación de fachada no edificio de vivendas sito na Rúa Santa Lucía nº 4 (Ref. Cat. 9564002NH1196N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete únicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumplirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móviles cumplirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móviles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2019/000673)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a licenza solicitada por Dna. M^a Carmen Padín Silva, para a legalización das obras de reparación de cheminea na Rúa Moreira nº 25 - A Laxe (Ref. Cat. 0056103NH2105N0001UF).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumplirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construcción R.D.

1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Dése conta ó Departamento de Urbanismo ós efectos oportunos relativos ao expediente D-34/18 de reposición da legalidade polas obras sen título habilitante municipal.

Unha vez rematadas as obras de adecuación á normativa, deberá dar coñecemento ao Departamento de Disciplina Urbanística para poder arquivar o expediente iniciado.

Comunicaselle que as obras remataranxe no prazo máximo dun ano. (Expte. URB/2018/000846)

Informar favorablemente a licenza solicitada por Dna. María Carmen Rey Santorum, para reforma de acometida á rede de saneamento na Rúa Cruceiro de Galáns 9, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de Ø 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.

A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2019/000868)

informar favorablemente a licenza solicitada por D. Luis Barreiro Argibay en representación de MENSALNES SL, para vado permanente na Avda. López Ballesteros nº 4 Bx. local 11, baixo as seguintes condicións:

1. O espazo será igual ao ancho da porta de acceso ao local, podendo ampliarse nos caso que se xustifique, co fin de permitir o raio de xiro necesario para o acceso dos vehículos.
2. Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90º, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.
3. A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual
4. Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndo por plaqeta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntánto.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.

- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2019/000899).

Informar favorablemente a licenza solicitada por Dna. Celestina López Morte en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA., para obras de acometida na rede de canalización de gas (GDE40819110007), na Rúa Marie Curie 28-2-30-30BIS, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxeto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado Da gabia e 3 m a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA LONXITUDINAL

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado DA METADE DO CARRIL, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
7. Establécese unha fianza de 3.000,00 €, que se vinculará con cargo o aval de 60.000 € suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2019/000927)

Informar desfavorablemente a legalización solicitada por Dna. Ángela Fernandez Espada en representación de PORTO VALLA SL, para colocación de valado publicitario na Rúa da Verea s/n , de conformidade co informe técnico emitido para o expediente D12/18 de reposicion de legalidade por instalación de valado publicitario sen o preceptivo título habilitante municipal, de data 22/01/18:

"Tendo en conta que non consta no Concello, ningún tipo de tramitación para as obras realizadas, así coma que se sitúan sobre terreos urbanos non consolidados, enténdese que as mesmas non son legalizables, sen prexuicio do indicado no art. 89 da LSG, e do art. 204 do

Regulamento da Lei 2/2016"

Dése conta ó Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos.(Expte. URB/2019/000357)

Informar desfavorablemente a legalización solicitada por D. Alejandro Rodrigue Daponte, para reposición de cartel publicitario na Rúa Castelao 10-5º B, de conformidade co informe técnico emitido:

".... acreditado de que non se trata dunha reparación, senón dunha nova instalación, así como semella non cumplir as condicións de ubicación que indica o PXOM, infórmase desfavorablemente a legalización"

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos. (Exp. URB/2019/000482)

Informar favorablemente a licenza solicitada por D. Francisco Xavier Muñiz Outes, para acometida ás redes municipais de auga e saneamento para servizo doméstico, na Avda. de cambados nº 160 (Ref. Cat. 7953011NH1175S0001YG), baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco sobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de Ø 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.
- Cumprirase estritamente as condicións establecidas na autorización do titular da estrada PO549 , A.X.I. da Xunta de Galicia (IF205Z 2019/000185-4).

Informar favorablemente a licenza solicitada por Dna. Sonia González Ferreiro en representación de COM. PROP. EDIFICIO VILABOA, para instalación de hidrante de incendios nas proximidades do edificio sito na Rúa Vilaboa nº 2-4-6, de conformidade coa documentación achegada. (Expte. URB/2019/000943)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a licenza solicitada por D. Antonio Domínguez Rodríguez en representación de D. Elisardo Villanueva Vicente, para construcción de Piscina na Rúa Salgueiros nº 4 (Ref. Cat. 8651505NH1185S0001EL), de conformidade co proxecto redactado polo

Arquitecto Técnico D. Antonio Domínguez Rodríguez visado en data 01/03/2019 e documentación complementaria achegada.

Consta no expediente Oficio de Dirección de Obra, así como Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde (visado 01/03/2019), sendo designado o arquitecto técnico D. Antonio Domínguez Rodríguez.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. URB/2019/000183)

Informar favorablemente a licenza solicitada por D. José Esteban Fariña Piñeiro para acondicionamento de local para xamonería-vinoteca na Rúa Méndez Núñez nº 4 bx. (Ref. Cat. 9363611NH11980001QJ), de conformidade co proxecto redactado pola arquitecta Dna. Ana Isabel Castaño Comparada, sen visado colexial.

Consta no expediente Resolucion da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a que se acorda autorizar o acondicionamento de local , sinalando que deberá remitirse memorial final da obra.

Consta Oficio de Dirección de obra, sendo designada a arquitecta Ana Isabel Castaño Comparada.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde enfase de execución.

De conformidade co sinalado no informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de data 12.12.2019, xunto coa comunicación previa de inicio de actividade, deberá achegar a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios, e electricidade.
- Informe acústico dacordo o decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia ao estar encadrado no (Grupo 4) ou Declaración Responsable do titular no caso de non superar os 75 dBA.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. URB/2019/000002)

Informar favorablemente a licenza solicitada por Dna. Ana María Pérez Oubiña, en representación de GRUPEREZ ROMAY SL, para acondicionamento interior de local para garaxe aparcamiento, na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 19 (Ref. CAt. 9559019NH1195N0040OL), de conformidade co proxecto redactado polo enxeñeiro Técnico Industrial D. Pablo Sabarís Escudero, visado coa data de 18/07/2019 e documentación complementaria achegada.

Consta compromiso de aceptación da Dirección de Obra e de Execución, sendo designado o Enxeñeiro Técnico Industrial D. Pablo Sabarís Escudero.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar:

- Ficha de Estatística da Edificación e da Vivenda.
- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

De conformidade co sinalado no informe do Enxeñeiro Técnico de data 10/12/2019, xunto coa comunicación previa de inicio da actividade deberá presentar:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios, e electricidade.
- Declaración do titular da actividade que non se producirá un nivel sonoro superior aos 75 dB ao abeiro do decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

Dáse conta da solicitude de licenza presentada por D. Manuel Vila López en representación da CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO, para reconstrucción de cuberta e bóveda da capela da Virxe dos Milagres na Illa de Cortegada, en data 07/11/2019, e visto o informe xurídico emitido na data 13/12/2019 no que se indica:

"...

III- Fundamentos xurídicos.

1. NORMATIVA ESPECIFICA PARA A OBRA EN CUESTIÓN:

O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, sinala: "A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ó control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Estarán suxeitos a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) os actos de edificación e uso do solo e subsolo que, con arreglo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proyecto de obras de edificación"

O artigo 143.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro establece que "As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberá de acompañarselles proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e contido que se determine regulamentariamente".

2. PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO:

Con ocasión da presente solicitude de licenza de obras ao abeiro do sinalado no artigo 142 e ss. da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e concordantes do Regulamento da devandita lei, é necesario recordar o informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación con obras que se acometeron pola entidade pública Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas pertencente a propria Xunta de Galicia, que se adxunta ao presente informe, no que se indica:

"Non obstante o anterior, o artigo 1.1 da Lei 15/2002, de 1 de xullo, considera a conservación do parque de interese xeral da nación, de xeito que calquera actuación dedicada a tal fin non se atoparía suxeita a licenza municipal, de conformidade co sinalado na Disposición Adicional 3ª da Lei 13/2003, de 23 de maio, seguindo sempre o procedemento disposto nesta."

A lei 15/2002, de 1 de xullo, establece no seu artigo 1.1º:

"Se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia, considerándose su conservación de interés general de la Nación, y se integra en la red de parques nacionales de acuerdo con lo previsto en el artículo 22 de la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de conservación de los espacios naturales y de la flora y fauna silvestres."

Pola súa banda a Disposición Terceira da lei 13/2003, pola que se regula o contrato de concesión de obra pública, sinala

Construcción de las obras públicas de interese xeral.

1. Os proxectos de obras públicas de interese xeral remitiranse a Administración urbanística competente, co obxecto de que informe sobre a adaptación de ditos proxectos ao planeamento urbanístico que resulte de aplicación. Este informe emitirase no prazo dun mes, pasado o cal entenderase evacuado en sentido favorable.

2. No suposto de que tales obras vaian a construírse sobre terreos non reservados polo planeamento urbanístico, e sempre que non sexa posible resolver as eventuais discrepancias mediante acordo, de conformidade coa normativa de aplicación, a decisión estatal respecto a execución do proxecto prevalecerá sobre o planeamento urbanístico, cuxo contido deberá acomodarse as determinacións daquela.

3. A construcción, modificación e ampliación das obras públicas de interese xeral non estarán sometidas a licenza ou a calquera outro acto de control preventivo municipal, sempre que se siga o previsto no apartado 1 desta disposición.

4. Non procederá a suspensión da execución das obras públicas de interese xeral polos órganos urbanísticos cando estas se realicen en cumprimento dos plans e proxectos de obras aprobados polos órganos competentes polo procedemento establecido ou se trate de obras de emergencia".

En base ao anteriormente sinalado, considera a que subscribe que no presente caso, ao igual que no caso da licenza solicitada pola entidade pública Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, e outra anterior promovida pola Consellería de Cultura (expediente 284/17) a actuación non queda suxeita a licenza de obra, se ben é necesario que se siga o procedemento previsto na Disposición Adicional 3^a da Lei 13/2003, de 23 de maio.

Asemade, considerase que a pesares de non estar suxeita a licenza por ser unha actuación de interese xeral da Nación a conservación da illa, non exime da obtención das autorizacións sectoriais necesarias.

Este é o meu leal saber e entender sen prexuízo de outro mellor fundado en dereito. No obstante o órgano competente decidirá o que estime oportuno."

O Consello da Xerencia queda sabedor e acorda dar traslado á Consellería de Cultura da innecesariade de licenza municipal en base ao indicado na Disposición Terceira da Lei 13/2013 de 23 de maio, e no informe emitido pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do que se adxunta copia.

Asemesmo, acórdase dar traslado do informe de viabilidade urbanística emitido en data 13/12/2019.

Advírtese que a pesares de non estar suxeitas a licenza as obras citadas, eso non exime da obtención das preceptivas autorizacións sectoriais. (Expte. URB/2019/000878)

Informar favorablemente a licenza solicitada por D. Enrique Manuel Rodríguez Barreiro en representación de ENRIQUE MANUEL RODRIGUEZ BARREIRO SL, para ampliación de nave para almacén en parcela sita no Polígono Industrial do Pousadoiro nº 8, de conformidade co proxecto básico e de execución denominado " ampliación de nave industrial destinada a almacenaje de subproductos de acero" asinado polo arquitecto D. Alfonso Rodriguez Garrido visado en data 08/10/2019 e "Anexo al proyecto básico y de ejecución" redactado polo Arquitecto D. Alfonso Rodriguez Garrido, visado en data 03/12/2019.

- Consta Oficio de Dirección de obra, sendo designado o arquitecto D. Alfonso Rodríguez Garrido, visado en data 08/10/2019.

- Consta Oficio de Dirección da Execución material da obra, sendo designado o arquitecto técnico D. José Ramón Covelo Millos.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.

- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia e no Decreto 144/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecimentos.

- De conformidade co sinalado no informe do Enxeñeiro Técnico de data 10/12/2019 xunto coa comunicación previa de inicio da actividade deberá presentar:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
- Certificado de instalador autorizado das instalacións de protección contra incendios, e electricidade.
- Declaración do titular da actividade que non se producirá un nivel sonoro superior aos 75 dB ao abeiro do decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

- Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ó modelo oficial do Concello.
(Expte. URB/2019/000826)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:59 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.